[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **4 de xullo de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Outros asistentes:
María Elena Espinosa Mangana (S)
María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)

Comparecentes:
Director xeral de Comercio e Consumo
Director xeral de Planificación Enerxética e Minas

Letrada:
María Vicente Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

O señor secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1.- Texto lexislativo:

Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)
4254 (12/PL-000001)
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 27, do 21.05.2024

A señora presidenta dá conta das designacións formalizadas por escrito polos grupos parlamentarios: Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6527, 6535 e 6474, respectivamente).

En consecuencia, a Ponencia encargada de emitir o informe sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, queda integrada polas seguintes persoas:

G.P. Popular de Galicia:
José Alberto Pazos Couñago (titular)
Rubén Lorenzo Gómez (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Xosé Manuel Golpe Acuña (titular)
Noa Presas Bergantiños (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia
Patricia Iglesias Rey (titular)
Paloma Castro Rey (suplente)

Deseguido procédese ao trámite do punto segundo da orde día:

Punto 2. Preguntas

2.1 5320 (12/POC-000746)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre o balance da última emisión dos bonos Activa Comercio e as previsións respecto da posibilidade dunha nova convocatoria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f2, do 12.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Rodríguez Conde (P)** (*previa autorización para a defensa da iniciativa, consonte ao establecido no artigo 75.4 do Regulamento, doc. núm. 6581*), que expón os motivos nos que basea a formulación da pregunta que figura no BOPG anteriormente subliñado.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro.**

En rolda de réplica, o **señor Rodríguez Conde (P),** agradece a información recibida, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén Castro,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Alén Castro nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

2.2 5648 (12/POC-000797)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego das axudas para o acceso á enerxía orientadas ás persoas vulnerables e as súas previsións en relación co reforzamento do bono social térmico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f2, do 19.06.2024

O **señor Golpe Acuña (BNG)**, expón as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria) Pablo Fernández Vila.**

En rolda de réplica o **señor Golpe Acuña (BNG),** manifesta o seu agradecemento pola información facilitada sobre a que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor director xeral nesta sesión da Comisión e

PARLAMENTO DE GALICIA

desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas, dado que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 3161 (12/PNC-000397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que inclúa no programa do Bono Activa Comercio os negocios de comercio ambulante definidos no grupo 663 do imposto sobre actividades económicas (IAE)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6614), da que obvia a súa lectura xa que foi remitida aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora González Iglesias (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea esta proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

En rolda de grupo parlamentario emendante, intervén a **señora Rodríguez Carrera (P),** para explica o sentido da súa emenda, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora propoñente.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante intervén a **señora Méndez López (S),** quen, tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora emendante, xustifica o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora González Iglesias (BNG)**, tras incidir na importancia desta iniciativa, agradece o apoio do G.P. dos Socialistas de Galicia e amósase aberta a acadar unha transacción coa emenda do G.P. Popular de Galicia.

3.2 3357 (12/PNC-000421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre determinadas actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de lograr un desenvolvemento ordenado e equilibrado da enerxía eólica en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de adición, por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc.

PARLAMENTO DE GALICIA

núm. 6597) e outra de substitución, por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6618), das que obvia a súa lectura xa que foron remitidas aos membros da comisión.

A continuación concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

En rolda de grupos parlamentarios emendantes, intervén en primeiro lugar o **señor Golpe Acuña (BNG)**, para explica o sentido da súa emenda, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora propoñente.

Nesta mesma rolda o **señor Lorenzo Gómez (P),** logo de amosar diversas consideracións e discrepancias coa intervención da señora propoñente, defende e formula a súa emenda.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, **señora Iglesias Rey (S)**, tras incidir na importancia desta iniciativa e rebater moitas das argumentacións expostas polo voceiro do G.P. Popular de Galicia, anuncia que non acepta a súa emenda.

En canto a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego explica as razóns polas que non acepta o punto primeiro, pero si o punto segundo.

3.3 5130 (12/PNC-000622)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que se incorpore ao consello de administración de Navantia e de que leve a cabo determinadas actuacións referidas á adxudicación da carga de traballo, ás infraestruturas e á política de compras e subcontratacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de supresión e outra de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (doc. núm. 6609), das que obvia a súa lectura xa que foron remitidas aos membros da comisión.

O **señor Fernández Alfonzo (BNG),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Iglesias Rey (S),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifica a presentación da emenda.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de grupo parlamentario non emendante, o **señor Lorenzo Gómez (P)**, tras matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente, amosa a vontade do seu grupo de apoiar a devandita iniciativa, pero con dúas modificacións: no punto segundo propón substituír "norma histórica" por "habitual" e no punto terceiro propón que sexa o Goberno do Estado o que tome esa medida.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Fernández Alfonzo (BNG),** logo de expoñer diversas consideracións sobre as argumentacións da/o voceira/o que o precederon no uso da palabra explica as razóns polas que non acepta nin a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia nin a proposta "in vocce" polo voceiro do G.P. Popular de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

3.1 3161 (12/PNC-000397), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. Popular de Galicia (doc. 6614), que resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, dentro das novas medidas que se implementen no marco do novo Plan estratéxico do sector se inclúa o comercio ambulante, integrado no grupo 663 do IAE, correspondente ao comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos) no Bono Activa Comercio.»

3.2 3357 (12/PNC-000421), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.**

Solicita a palabra o **señor Golpe Acuña (BNG),** para manifestar que se a señora propoñente acepta a súa emenda, retira o punto primeiro da mesma, ao que a señora Iglesias Rey non pon obxeccións.

Xa que logo, sometida a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 6614), resulta **rexeitada** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

3.3 5130 (12/PNC-000622), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.**

O **señor Lorenzo Gómez (P),** solicita a votación por puntos, xa que se amosa en desacordo co punto 3, ao que non se opón o grupo propoñente.

PARLAMENTO DE GALICIA

Xa que logo, sometido a votación o punto 3 da devandita proposición non de lei, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Sometidos a votación os puntos 1, 2, 4, 5 e 6, resultan **aprobados pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado:

1. A entrada no Consello de Administración de Navantia

2. A adxudicación ao Centro Navantia ría de Ferrol das construcións militares de mediano e gran porte, como viña sendo norma historicamente

4. A introdución de Navantia ría de Ferrol nos segmentos con maior carga tecnolóxica das actividades relacionadas coas enerxías renovables e a descarbonización da mobilidade marítima.

5. A dotación de novas infraestruturas, como un dique para nova construción e outro para reparacións de maiores dimensións que o actual dique 3, así como mellorar e aumentar a capacidade dos sistemas de elevación de cargas

6. A descentralización da política de compras e subcontratación favorecendo o tecido empresarial do territorio de referencia para Navantia ría de Ferrol.»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

Cristina Sanz Arias
Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01 12:20:24 +02'00'

Vº. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo
Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2024.10.01 11:34:02 +02'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión